

TAREFA 2: NATURALÍZATE



MESTRA: JENNY (titora de 4 anos)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil

CURSO: 2023/2024

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	“NATURALÍZATE”		
ETAPAS:	INFANTIL	NIVEIS:	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREAS:	GLOBALIZADO	MESTRAS:	Jenny
DESCRIPCIÓN DA TAREFA:			
<p>O produto final relevante será a creación da nosa propia cosmética natural. Nesta segunda tarefa trataremos de motivar ao alumnado cara o uso da cosmética natural na vida cotiá. Partiremos da horta do cole, algo moi cercano e motivador para a nosa cativada. Coñeceremos propiedades medicinais dalgunhas das especies herbáceas que temos plantadas na nosa horta e partir delas faremos distintos produtos naturais: crema corporal, agua detox, baños relaxantes con macerado de plantas... Preténdese que o alumnado se familiarice coa posibilidade de crear os seus propios produtos naturais evitando o uso excesivo dos plásticos e dos compoñentes químicos que soemos atopar en produtos nos comercios.</p>			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Partimos de que a temática central do ámbito natural e social para este curso escolar é “A cosmética natural”. Trateremos de investigar sobre o impacto medioambiental destes produtos que utilizamos a diario nas nosas casas. Polo tanto, partimos de que estes produtos xeran dous problemas: contaminación e toxicidade para o ser humano.</p> <p>Trataremos de centrarnos en que podemos facer para mellorar isto: aforrar, reciclar, boa xestión dos residuos, reducir o lixo e o consumo, mercar produtos sostibles... E con isto chegamos á COSMÉTICA NATURAL.</p>			
CONTEXTO:			
Aulas de 4º, 5º, 6º de EI			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>1.MEDI-PLANT. Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES). Primeiro achegamento, o alumnado terá que descurbir a primeira misión da man da mascota do ámbito, quen enviará un total de catro misións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6. Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. ▪ CA3.1. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa - Escala de valoración
<p>2. “SENSA-PLANT” (PRIMEIRO XOVES). Coñecemos algunhas das plantas aromáticas que hai na horta do cole e desfrutamos duns xogos por estacións de tipo sensorial para achegarnos ás plantas protagonistas da nosa tarefa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. 	

<p>3. “NATURAL POR FÓRA” (SEGUNDO MARTES). O alumnado fará a súa propia crema baseada en ingredientes naturais (cera de abella, aceite oliva virgen 100% ecolóxico, plantas de romeu).</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. ▪ CA3.6. Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. ▪ CA3.1. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. 	
<p>4. “NATURAL POR DENTRO” (SEGUNDO XOVES). Elaboramos unha receita de AUGA DETOX para ser capaces de valorar que o noso corpo tamén necesita ser coidado por dentro e tamén é bo utilizar plantas e cousas naturais na nosa alimentación diaria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. 	

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Respecto e protección do medio natural.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sustentables.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1.MEDI-PLANT. Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES). Primeiro achegamento, o alumnado terá que descurbir a primeira misión da man da mascota do ámbito, quen enviará un total de catro misións.</p>	<p>1.1. Círculo inicial. Retomaremos o ámbito e os contidos que estivemos traballando no anterior trimestre (contaminación e o uso excesivo de plásticos na nosa vida diaria). Preguntaremos acerca do que recordan e faremos unha pequena chuvia de ideas ao respecto.</p>	<p>1.2. MOTIVACIÓN INICIAL: Caixa sorpresa. Chegamos á aula e haberá unha caixa sorpresa agochada baixo unha tea. Na caixa atoparemos a un personaxe que nos guiará ao longo da tarefa, chámase “Planti” e terá preparada unha misión para nós. Nesta caixa tamén teremos unha carta de “Planti” (personaxe motivador), unha lupa, 4 fotos de prantas e a súa localización na horta cole (herba luísa, lavanda, romeu e menta), unha foto de “Pranti, un conto de flores e unha pranta natural de menta.</p>	<p>1.3. Visita á horta do cole. Sairemos para resolver a primeira misión, o personaxe solicitará ao alumnado que visite a zona da herba luísa, da menta, da lavanda e do romeu (plantas que utilizaremos ao longo da nosa tarefa). Colleremos algunha mostra para levar á aula. Como son? Parécense? Como cheiran? Cal nos gusta máis? <i>Aproveitaremos a poñer a macerar en auga as mostras recollidas e outras prantas que aportará a mestra para telas preparadas de cara a seguinte sesión do ámbito.</i></p>	<p>1.4. Debuxo. O alumnado fará un debuxo acerca das observacións SOPORTE 1.</p>

<p>2. “SENSA-PLANT” (PRIMEIRO XOVES). Coñecemos algunhas das plantas aromáticas que hai na horta do cole e desfrutamos duns xogos por estacións de tipo sensorial para achegarnos ás plantas protagonistas da nosa tarefa.</p>	<p>2.1. CÍRCULO. Para que serven as prantas? Responderemos en gran grupo a esta cuestión.</p>	<p>2.2. “Semente informativa”. SOPORTE 2 Unha vez recollidas as ideas previas, explicaremos brevemente para que serve unha pranta e os seus usos. A partir dunhas breves infografías poñeremos en común a información e explicaremos os usos das prantas e os seus beneficios para a saúde.</p>	<p>2.3. “Sensa-Plant”. Estacións sensoriais temáticas: Para continuar indagando na temática central da tarefa repartimos ao alumnado en pequenos grupos en diferentes propostas de xogo que haberá en común a información e pola aula: ESTACIÓN 1: “Morteiros en acción” (experiencia sensorial macerando romeu e aceite de oliva). Terán morteiros á súa disposición para preparar o macerado. Colocarán aceite de oliva e cortarán follas de romeu, poderán mesturar, machacar, cheirar... SOPORTE 3 PASOS A SEGUIR ESTACIÓN 2: “Baño relaxante”. Coas herbas que deixamos a macerar na primeira sesión, colleremos uns barreños con</p>	

			<p>agua quente e mesturaremos o noso macerado neles. As plantas aromáticas desprenden propiedades relaxantes e beneficiosas para a nosa pel, por isto meteremos os nosos pés e o comprobaremos disfrutando dunha experiencia relaxante.</p> <p>(*)<i>Poñeremos música relaxante neste recuncho da aula (ALTAVOZ PORTÁTIL).</i></p> <p>ESTACIÓN 3: “As herbas da paz interior”. Cos botes de cheiros de Montessori meteremos as prantas coas que estamos a traballar na tarefa no seu interior e o alumnado terá que descubrir de qué pranta se trata cos ollos tapados cun anteface. SOPORTE 4: TARXETAS para asociar o cheiro á planta correspondente</p>	
--	--	--	--	--

<p>3. “NATURAL POR FÓRA” (SEGUNDO MARTES). O alumnado fará a súa propia crema baseada en ingredientes naturais (cera de abella, aceite oliva virgen 100% ecolóxico, plantas de romeu).</p>	<p>NOVA MISIÓN DE PRANTI: SOPORTE 5 CARTA coa misión 3.1. BENEFICIOS DA COSMÉTICA NATURAL. Escoitán en gran grupo. SOPORTE 6 BUBBLEMAP</p>	<p>3.2. Ver o video sobre os pasos para a elaboración da crema. https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=9Lqt9sSHw_Q&ab_channel=LaniAnimal</p>	<p>3.3. “CREMA-PLANT”: Facemos CREMA DE ROMEU E CERA DE ABELLA. Facemos o noso produto de cosmética natural e observamos que acontece. Utilizaremos o macerado de romeu e aceite de oliva que preparamos na sesión anterior de ámbitos. SOPORTE 7: PASOS A SEGUIR.</p>	
<p>4. “NATURAL POR DENTRO” (SEGUNDO XOVES). Elaboramos unha receita de AUGA DETOX para ser capaces de valorar que o noso corpo tamén necesita ser coidado por dentro e tamén é bo utilizar plantas e</p>	<p>DERRADEIRA MISIÓN DE PRANTI: CARTA DESPEDIDA E FELICITACIÓNS SOPORTE 8 4.1. “Coidámonos por dentro”. Falaremos da importancia das plantas para o noso benestar</p>	<p>4.2. “AUGA DETOX”. Faremos a receita en pequenos grupos de “auga detox con limón e menta”. Ao rematar degustaremos o noso produto e disfrutaremos do mesmo.</p>	<p>4.3. CÍRCULO FINAL. Ao remate da xornada compartiremos as experiencias en gran grupo e pensaremos no que nos gustaría volver a facer e no que non nos</p>	

<p>cousas naturais na nosa alimentación diaria.</p>	<p>interior, que beneficios teñen? Profundizaremos nos beneficios da menta, xa que esta será a protagonista da nosa seguinte creación. Observaremos os beneficios a través dun mapa mental ou soporte visual SOPORTE 9</p>	<p>https://hospederiasantaelena.com/10-recetas-agua-detox/#:~:text=El%20agua%20detox%2C%20tambi%C3%A9n%20c%C3%B3n%20del%20cuerpo</p>	<p>gustaría volver a facer das cousas que levamos a cabo durante estes días. “ O que estivo ben foi...” “O que non me gustou ou non repetiría...”</p>	
---	---	--	---	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1.MEDI-PLANT. Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES). Primeiro achegamento, o alumnado terá que descurbir a primeira misión da man da mascota do ámbito, quen enviará un total de catro misións.</p>	<p>-Aula de 4 anos -Horta do cole</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel SCRUM, plantas naturais (menta, herbaluisa, romeu, lavanda e melisa), cera de abella, caixa, lupas, conto, tarxetas, auga.</p>	<p>Martes 9:30-10:50</p>
<p>2. “SENSA-PLANT” (PRIMEIRO XOVES). Coñecemos algunhas das plantas aromáticas que hai na horta do cole e desfrutamos duns xogos por estacións de tipo sensorial para achegarnos ás plantas protagonistas da nosa tarefa.</p>	<p>-Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo e pequeno grupo</p>	<p>Panel SCRUM, tarxetas informativas con plantas, antifaces, plantas naturais, auga, gavetas, lupas, tarxetas olfativas, morteros, aceite, romeu, bandexa tufftry</p>	<p>Xoves 9:30-10:50</p>
<p>3. “NATURAL POR FÓRA” (SEGUNDO MARTES). O alumnado fará a súa propia crema baseada en ingredientes naturais (cera de abella, aceite</p>	<p>-Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo Pequeno grupo</p>	<p>Panel SCRUM, romeu, aceite, vitro para quentar, cera de abella, botes para envasar as cremas, etiquetas, pegatinas reutilízame, cazo, culleres, pipetas, rotuladores e lápis</p>	<p>Martes 9:30-10:50</p>

<p>oliva virgen 100% ecolóxico, plantas de romeu).</p>				
<p>4. "NATURAL POR DENTRO" (SEGUNDO XOVES). Elaboramos unha receita de AUGA DETOX para ser capaces de valorar que o noso corpo tamén necesita ser coidado por dentro e tamén é bo utilizar plantas e cousas naturais na nosa alimentación diaria.</p>	<p>- Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel SCRUM, mapa mental aspectos favorables Auga Detox, pepino, tarxetas paso a paso da receita, vaso, culleres, bols, follas de menta, limóns, auga</p>	<p>Xoves 9:30-10:50</p>

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa 	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
<p>PRÁCTICA DOCENTE</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de recollida de información: https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&oid=114554059693774750759&rtpof=true&sd=true 	<p>Como?: cumprimentando a ficha. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>